



Procedemento: CT207L- Subvencións para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, convocatoria 2026

Asunto: Resolución de nomeamento da Comisión de Valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 24 de marzo de 2026, o Diario Oficial de Galicia, nº 55, publicou a Resolución do 5 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, e se procede á convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT207L).

2. O artigo 16 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha comisión de valoración, nomeada polo director da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases e que estará integrada por:

- a) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic para a avaliación dos criterios automáticos.
- b) Dous profesionais expertos no ámbito musical ou cultural, dos que un exercerá como presidente, para a avaliación dos criterios técnicos.
- c) Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que fará as funcións de secretaría da comisión, con voz e sen voto.

Para a composición da comisión terase en conta o establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que forman parte da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria. Así mesmo, absteranse se concorre algunha das circunstancias descritas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 16 terá a seguinte composición:

-Como persoas do cadro de persoal da Agadic para a avaliación dos criterios automáticos:

Pilar Portela Vázquez, en calidade de vogal
Belén Vázquez Merelles, en calidade de vogal

-Como persoas expertas do ámbito musical ou cultural para a avaliación dos criterios técnicos:

Javier Becerra Lorenzo, en calidade de presidente

Alfonso García Pérez, en calidade de vogal

-En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, que fará as funcións de secretaria da comisión, con voz e sen voto:

María del Pilar Peña de Castro

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

